

RESOLUCIÓN da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se adoptan medidas de adaptación no Plan de xestión de moluscos bivalvos, a pé e embarcación, en zonas de autorización aprobado á Confraría de Pescadores de Noia para o período 2021-2023

Antecedentes

1. O plan de xestión de moluscos bivalvos a pé e embarcación en autorización da confraría de pescadores de Noia (PE403A 2020/25-1) aprobouse para 2021-2023 mediante a Orde de 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023 (DOG Núm. 262 de 31 de decembro de 2020).
2. O 21.03.2022, esta xefatura territorial ditou resolución mediante a que adaptou o plan de xestión indicado no punto anterior, corrixindo erros detectados na ficha onde figuran as condicións de aprobación e acceder ao aumento de tope de captura para o terceiro tripulante e para as especies ameixa xaponesa e berberecho.
3. Mediante a Resolución do 27.02.2023, esta xefatura territorial adaptou o plan de xestión, pechando os bancos marisqueiros dende o 1 de marzo ata o 30 de abril de 2023 (ámbolos dous incluídos), establecendo unha veda nese período, debido ás circunstancias extraordinarias de forza maior.
4. O 24.10.2023 (Núm. entrada 2023/2862645) a confraría de pescadores de Noia presentou un escrito solicitando adaptar o plan de xestión establecendo unha veda de novembro a decembro do 2023 e de xaneiro a abril de 2024. Acompañando a solicitude achegan:
 - "Informe técnico biolóxico que avala a solicitude de adaptación das medidas de xestión do Plan de xestión de bivalvos infaunais da Confraría de pescadores de Noia aprobado para o período 2021-2023" da Asistencia Técnica da confraría de 24.10.2023 e
 - Certificado do 24.10.2023 do Secretario dos órganos de goberno da Confraría de Pescadores S. Bartolomé de Noia acreditativa do acordo unánime adoptado en reunión extraordinaria do 19.10.2023 pola Xunta Xeral da entidade. O acordo consiste en solicitar da autoridade competente medidas de adaptación do plan de moluscos infaunais en zonas de autorización da Confraría de Noia 2021-23, diante do estado actual dos bancos marisqueiros segundo informe de avaliación realizado pola asistencia técnica da entidade no que se reflicte unha drástica baixada das capturas que fai necesario o peche dos bancos para garantir a súa recuperación e a supervivencia da cría



das distintas especies, especialmente do berberecho. A tal efecto, solicitar unha veda de novembro a decembro de 2023 e de xaneiro a abril de 2024.

5. O 31.10.2023 a Axente de extensión da Xefatura Comarcal de Ribeira e o 02.11.2023 o Técnico Facultativo de Recursos Mariños (biólogo de zona) da Xefatura Territorial da Coruña emiten respectivamente os informes sobre a medida de adaptación solicitada pola confraría.

Consideracións legais e técnicas

1. O artigo 21.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece que as xefaturas territoriais poderán adaptar medidas, logo de solicitude das entidades titulares dos plans de xestión, ante circunstancias que dificulten ou potencien o seu desenvolvemento, e tendo en conta aspectos biolóxicos, socioeconómicos e de creación de emprego. O artigo 21.3 indica, entre as medidas de adaptación que se poderán incluír, outras vinculadas coa actividade marisqueira.

2. O plan de xestión aprobado á confraría para o período 2021-2023 establece no calendario anual previsto de extracción para ambas modalidades, a pé e dende embarcación, un número probable de días de extracción de 123 e como época probable de extracción de xaneiro a abril e de setembro a decembro.

3. O artigo 7.3 da Orde de 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023, establece que as xefaturas territoriais poderán adaptar as medidas do plan de xestión, logo de petición do sector, ante circunstancias que dificulten ou ben permitan potenciar o desenvolvemento do plan de xestión, e tendo en conta aspectos biolóxicos, socioeconómicos e de creación de emprego, cando exista:

- a) Solicitude motivada da entidade titular do plan de xestión avalada por informe do seu técnico.
- b) Informe favorable emitido polo persoal técnico da consellería.

4. Mediante a Resolución do 27.02.2023 esta xefatura territorial adaptou o plan de xestión pechando os bancos marisqueiros incluídos nel, dende o 1 de marzo ata o 30 de abril de 2023 (ámbolos dous incluídos), establecendo unha veda nese período, debido ás circunstancias extraordinarias de forza maior.

5. Na resolución indicada no punto anterior, establecíase ademais no punto 3. do resolvo que se mantiña para o inicio da próxima campaña a época probable de extracción de setembro a decembro para as dúas modalidades, a pé e dende embarcación, sempre que a información derivada das mostraxes de agosto/setembro realizadas previo ao inicio da campaña amosara unha recuperación da estrutura poboacional das especies obxectivo do plan de xestión que permitise o normal desenvolvemento da actividade extractiva.

6. A mostraxe realizada en agosto de 2023 con carácter previo ao inicio da campaña pola Asistencia Técnica da confraría amosan unhas densidades comerciais de berberecho, especie obxectivo do plan de xestión, extremadamente baixas comparativamente cos anos precedentes (15 individuos/m² na presente mostraxe fronte a máis de 200 individuos/m² en mostraxes homólogas de anos anteriores), se ben cun elevado recrutamento de novos



exemplares á pesqueira. Isto significa que as densidades comerciais son demasiadas baixas para permitir unha actividade continuada durante a campaña.

7. Aínda así a confraría solicitou comezar a campaña para que os/as mariscadores/as constatasen sobre o terreo os resultados das mostraxes e a realidade do estado do recurso no plan de xestión. Deste xeito, esta xefatura territorial ditou resolución autorizando a actividade extractiva, a petición da confraría, durante 10 días de outubro, cuns topes moito máis baixos do que soen establecerse para o comezo de anteriores campañas co seguinte condicionado:

"Os resultados das últimas mostraxes realizadas en agosto nas zonas de produción amosan unha escasa recuperación do stock comercial trala elevada mortalidade invernal, especialmente do berberecho. A situación amosa a existencia dunha biomasa comercial baixo mínimos nas poboacións das especies obxecto de explotación, feito que esixe o seguimento en continuo da evolución das extraccións e, en caso necesario, pechar a actividade extractiva para non pór en perigo a sostibilidade produtiva dos bancos marisqueiros".

8. O seguimento técnico da evolución da extracción das especies explotadas durante os 10 días autorizados reflicten unha situación de precariedade extractiva, especialmente para o berberecho, principal especie comercial do plan.

9. Os informes do persoal técnico desta consellería indican que:

- dende o punto socioeconómico, a Axente de extensión pesqueira informa que as capturas en peso de berberecho (principal especie en facturación desta confraría) nos primeiros días de campaña supoñen o 6 % das capturas de 2022 e o 13 % das de 2021. En facturación constitúen o 11 % e o 18 % respectivamente, o que fai inviable que poda haber unha explotación economicamente rendible. Polo que o establecemento de vedas semellan fundamentais para que poda haber unha recuperación dos bancos e polo tanto tamén unha recuperación socio-económica do sector.

Recomenda a realización de traballos de conservación, mantemento, recuperación e mellora dos hábitats e zonas de produción reflectidos no plan de xestión que podan contribuír á mellora dos bancos marisqueiros (aspectos que deberán ser valorados polo biólogo de zona), así como a participación do colectivo nas accións de vixilancia e control dos bancos marisqueiros. Todas estas accións son fundamentais e complementarias á veda para acadar o obxectivo da recuperación dos bancos marisqueiros.

Conclúe que á vista a solicitude, o informe técnico da medida de adaptación, os datos de capturas e datos económicos do inicio da campaña marisqueira, as circunstancias actuais dificultan o desenvolvemento sostible deste plan de xestión polo que o establecemento dunha veda, en novembro e decembro de 2023, parece razoable e axeitada, podendo estenderse aos meses desde xaneiro ata abril para asegurar a recuperación dos bancos.

- Dende o punto de vista biolóxico, o Técnico de Recursos Mariños informa que as últimas mostraxes realizadas en agosto pola Asistencia Técnica da confraría, mostraron que a biomasa comercial tanto de berberecho como de ameixa xaponesa están moi por debaixo do que é habitual neste plan (20 veces menos que o ano pasado no caso do berberecho e a metade do que había o ano pasado no caso da ameixa xaponesa). A



ameixa fina e a ameixa babosa manteñen densidades baixas similares as de 2022 e anos anteriores, pero ambas especies son marxinais no plan.

O seguimento das capturas dos 10 días autorizados neste ano, comparativamente cos primeiros 10 días de campañas anteriores, reflicten unha situación moi mala dende o punto de vista extractivo (39,3 t en 2023 fronte a 226,6 t en 2021 ou 433,5 t en 2022), especialmente para o berberecho, principal especie comercial do plan. Ademais, o alto esforzo necesario aplicado polo sector marisqueiro para extraer os topes de ameixa que poidan compensar a falta de berberecho, poría en perigo a supervivencia do recrutamento da especie principal, comprometendo a produción da próxima campaña.

Así, á vista da solicitude, o plan de xestión aprobado, o informe emitido pola asistencia técnica da confraría, os datos aportados polas mostraxes e os datos de capturas dos primeiros días de campaña, conclúe como razoable e convinte para unha xestión sostible o establecemento dunha veda en novembro e decembro de 2023 polo que informa favorablemente á petición desta confraría para este período.

Adicionalmente, tamén indica sobre a veda, que ten un carácter biolóxico para a recuperación do recurso, dada a variabilidade que presentan as poboacións dun ano a outro na taxa de crecemento, estaría suxeita na súa duración ao seguimento da evolución dos bancos, sobre todo en canto ao tamaño da cría de berberecho polo que poderá manterse o tempo necesario ata que os resultados das mostraxes nos bancos marisqueiros indiquen unha recuperación dos mesmos. A apertura dos bancos no novo plan que presenten para o trienio 2024-2026 estará condicionada á avaliación previa dos mesmos en función do resultado das mostraxes.

Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para resolver segundo o artigo 21 do Decreto 153/2019 de 21 de novembro, e de acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Adaptar o plan de xestión de marisqueo a pé e embarcación en zonas de autorización da confraría de pescadores de Noia, dando continuidade á Resolución do 27.02.2023, e pechar os bancos marisqueiros incluídos no plan de xestión dende o 02.11.2023 ata a finalización da vixencia do plan de xestión aprobado.

A continuidade desta veda para o período de xaneiro a abril de 2024, co correspondente seguimento dos bancos e os traballos complementarios que permitan acadar a recuperación das poboacións das especies obxecto de explotación, deberá incluírse e valorarse xunto coas outras accións contempladas na proposta do plan de xestión para o trienio 2024-2026 presentada pola entidade.

2. Nas consideracións da ficha de aprobación do plan vixente 2021-2023, no apartado "Época probable e número probable de días de extracción" engadir un parágrafo final, quedando o apartado do seguinte xeito:



“Época probable e número probable de días de extracción⁽²⁾ ⁽³⁾: De xaneiro a abril e de setembro a decembro. Os días de actividade extractiva restrínxense a 4 días/semana de luns a xoves, agás o mes de decembro, a primeira semana de xaneiro e en circunstancias especiais como riadas ou peches por biotoxinas, que traballarán todos os días, de luns a venres.

⁽²⁾ De acordo coa recomendación técnica, debido ás circunstancias extraordinarias de forza maior de finais do 2022 e principios de 2023, que impiden que as embarcacións e persoas mariscadoras participantes no plan poidan desempeñar con normalidade a actividade extractiva, péchanse os bancos marisqueiros incluídos no plan de xestión dende o 1 de marzo ata o 30 de abril de 2023 (ámbolos dous incluídos), establecendo unha veda nese período.

⁽³⁾ De acordo cos resultados das mostraxes realizadas en agosto de 2023, cos informes técnicos e coa situación do stock comercial das poboacións explotadas no inicio da campaña que impide o desenvolvemento da súa actividade extractiva, péchanse os bancos marisqueiros incluídos neste plan dende o 02.11.2023 ata a finalización da vixencia do plan de xestión aprobado.”

3. Poderanse realizar accións de conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción, tal e como estaban programadas para o 2023 no plan presentado.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE Núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Noia consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

